

Iñaki Irazabalbeitia

Tradición e disidencia

Velaquí o que di Xabier Gantzarain sobre a tradición nun libro sobre o trikitilari Epelde que publicou hai un ano(1):

«Queren facernos crer que a tradición é algo que temos que engulir como veña, a maioría das veces. E non nos dixeron que a tradición facémola nós. Desfacémola nós». De acordo! Coido que é unha descrición moi aguda do que acontece nos procesos sociais. Nos alardes de Irún e Hondarribia en nome da tradición non se quere permitir ás mulleres participar como escopeteiras. Vinte kilómetros ao oeste, na tamborrada de Donostia as mulleres desfizeron a tradición precedente e xa tocan e participan xerando unha nova tradición.

As mulleres de Donostia partiron da disidencia, polo tanto, non é a mesma disidencia o punto de partida dunha tradición? Sopesémolo. As parellas do mesmo sexo eran unha disidencia só hai dez anos, a voda de parellas homosexuais era unha disidencia hai un ano; introducíronse xa no caudal da tradición. Non é disidencia, sen embargo, a actitude dos que adoptan a obxección ante esas vodas?

A tradición e a disidencia son as dúas faces dunha mesma moeda. Cadaquén ficará nunha banda ou noutra a miúdo segundo a súa subxectiva perspectiva. Dende esa subxectividade, os partidarios do *Betiko Alardea* [O alarde de sempre] que están nunha postura de disidencia social, afirman que eles son a tradición, esquecendo que o eterno mesmo ten límites ora cara atrás ora cara adiante. Usando a linguaxe dos matemáticos a integral da función do eterno/da tradición é entre os valores finitos, concretamente.

O par tradición/disidencia forma unha cadea sen interrupción. Os monómeros tradición e disidencia, constitúen o polímero poli(tradición/disidencia); o que hoxe é tradición mañá pode ser disidencia, e ao revés. Podémolo cotexar cos coñecidos ollos de Guadiana: desaparecen acá, aparecen alí, redesaparecen aló, ... De paso, ao parecer eses ollos céganse e núbranse a consecuencia das torpezas dos seres humanos, segundo lin hai pouco.

O corrixidor sinalou coa cor vermella ‘redesaparecer’! Ao parecer, non está no dicionario. Polo visto, non hai en éuscaro tal verbo. Crebei a tradición, o máis seguro. Mergulleime na disidencia, ou usei soamente a tradición do instinto lingüístico de crear novas palabras?

Traducido do éuscaro por Iratxe Retolaza Gutiérrez

1. Gantzarain, Xabier, *Epelde. Mende baten soinua* [Epelde. O son dun século]. Euskal Herriko Trikitilarien Elkarte, Zarautz: 2004. Páxina 7.

Tradizioa eta disidentzia

Epelde trikitilariari buruz iaz argitaratutako liburuan hauxe dio Xabier Gantzarainek tradizioari buruz:(1)

«Tradizioa, datorren bezala irentsi behar dugun zerbait dela sinestarazi nahi zaigu, gehienetan. Eta ez zaigu esan tradizioa guk egiten dugula. Guk desegin» Ados! Prozesu sozialetan gertatzen denaren oso deskribapen zorrotza iruditzen zait, Irungo eta Hondarribiko alardeetan tradizioaren izenean ez zaie emakumezkoei eskopetari moduan parte hartzen utzi nahi Hogeí kilometro mendebalderako, Donostiako danborradan emakumezkoek aurreko tradizioa desegin eta danborra jotzen dute jada tradizio berria eginez.

Disidentziatik abiatu ziren Donostiako emakumeak, beraz ez al da disidentzia tradizio baten abiapuntua? Dakusagun. Sexu berekoen bikoteak disidentzia ziren duela hamar urte soilik, disidentzia zen iaz bikote homosexualen ezkontza; tradizioaren emarian txertatu da jada. Ez al da disidentzia, ordea, ezkontza horiei objektzioa egiten diotenen jarrera?

Txanpon beraren bi aurpegiak dirateke tradizioa eta disidentzia. Sarri norberaren ikuspegi subjektibotik batean edo bestean kokatuko batek bere burua. Subjektibotasun horretatik gizarte-disidentzian diharduten Betiko Alardearen aldekoek beraiek tradizioa direla diote, ahaztuta betikotasunaren betikotasunak mugak dituela atzerantz zein aurrerantz. Matematikarien hizkera erabiliz betikotasunaren/tradizio funtzioaren integrala balio finituen artekoa da, hain justu.

Tradizioa/disidentzia bikoak etenik gabeko katea osatzen du. Tradizioa eta disidentzia monomeroek, poli(tradizio/disidentzia) polimeroa eratzen dute; gaur tradizio dena, bihar disidentzia izan daiteke eta batekoz beste. Gudianaren begi ezagun horiekin aldera dezakegu: hemen desagertu, hor agertu, han berdesagertu,... Bidenabar, berriki leitu dudanez begi horiek itsutu edo lausotu egin ei dira gizakion trakeskeriaren ondorioz.

Kasu gorritz azpimarratu ditu testu-zuzentzaileak «berdesar-gertu»! Agi denez, ez dago hiztegian. Ez omen dago euskaraz aditz hori. Tradizioa eten dut, hain segur.

Disidentzian murgildu al naiz edo hizkuntzaren beraren senak hitz berriak sortzeko duen tradizioa baino ez al dut usatu?

1. Gantzarain, Xabier, *Epelde. Mende baten soinua*. Euskal Herriko Trikitilarien Elkartea. Zarautz, 2004. 7. or.